

AXUDAS Á MOBILIDADE DE PERSOAL INVESTIGADOR CAMPUS TERRA 2022

A Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que desfruta de autonomía, de acordo con estes estatutos e no marco da lexislación vixente.

Logo do convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo cal se regula o Campus de Especialización do Campus Terra, inclúe o apoio á mobilidade para persoal investigador vinculado ao Campus Terra.

Para desenvolver estes obxectivos, a Universidade de Santiago de Compostela publica esta convocatoria interna de axudas á mobilidade.

Artigo 1. Obxecto da convocatoria, contía e duración.

O obxecto da convocatoria é co-financiar os desprazamentos de persoal investigación vinculado ao Campus Terra, que non conten con outra fonte de financiamento e que se realicen ou que tivesen lugar entre o 1 de xaneiro do 2022 e o 15 de novembro de 2022.

O importe total do orzamento irá destinado á financiar as solicitudes de axudas á mobilidade que cumpran os requisitos indicados nesta convocatoria ata un total de **10.000 €**, con cargo á partida **8183-272B-64100**.

Artigo 2. Modalidade.

Axudas para a desprazamentos do persoal investigador en formación, **junior** e **senior** para financiar viaxes con motivo de asistencia a cursos, congresos, xornadas técnicas, e estadias.

Artigo 3. Requisitos.

No caso dos investigadores predoutorais, deberán estar matriculados nun programa de Doutoramento vinculado a unha área do Campus Terra. Este requisito deberá manterse durante as datas de celebración do congreso, curso, etc.



Artigo 4. Características e condicións das axudas.

Financiaranse con cargo a estas axudas unicamente gastos derivados de desprazamentos que non contén con outra fonte de financiamento, e que se realicen ou que tivesen lugar entre o 1 de xaneiro do 2022 e o 15 de novembro de 2022.

Non son gastos que se poidan financiar nesta convocatoria gastos de mantención ou aloxamento.

Artigo 5. Dotación económica.

O financiamento da presenta convocatoria efectúase por un importe máximo de **10.000 €** e a distribución das axudas realizarase proporcionalmente ao número de solicitudes recibidas.

O pagamento das axudas efectuarase aos beneficiarios recibidos os xustificantes dos gastos derivados da viaxe e en ningún caso o importe da axuda poderá superar os gastos realizados.

Artigo 6. Formalización de solicitudes e prazo de presentación.

A presentación de solicitudes irá dirixida á **Area de Xestión da Investigación** a través da Sede Electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>), achegando o **Anexo I**.

O prazo para a presentación de candidaturas será dende o día seguinte da publicación da presente convocatoria no taboleiro da USC e rematará o 04 de novembro de 2022 ás 23:59 horas.

A persoa interesada só poderá solicitar unha única axuda nesta convocatoria e deberá estar acompañada da seguinte documentación:

- Relación detallada dos gastos de viaxe derivados da actividade xa realizada así como copia dos mesmos (billetes de avión e tarxeta de embarque, Billete de tren, ticket autoestrada, xustificante de repostaxe de ser o caso, etc..) ou memoria orzamentaria estimativa no caso de que a viaxe se realice con posterioridade ao do remate do prazo de solicitude.
- Documento acreditativo de asistencia e participación do congreso, curso, evento ou estadía, ou documento acreditativo do rexistro na actividade, carta de aceptación expedida polo centro receptor no caso de que a actividade/estadía se realice con posterioridade á solicitude.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a resolución provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultarse na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica con indicación, da(s) causa(s) de exclusión.

Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de **dos días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión. Se transcorrido o devandito prazo non se subsanou a solicitude entenderase por desistido/a da súa petición.

A subsanación farase unicamente a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, a través dunha solicitude dirixida á **Area de Xestión da Investigación**.

Rematado o prazo de subsanación publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Artigo 7. Selección das propostas.

As solicitudes admitidas serán obxecto de avaliación por parte da Comisión de Selección que, levantará acta coa relación de solicitudes e unha proposta de concesión que será elevada ao Reitor da Universidade e publicada na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica.

Artigo 8. Comisión de avaliación.

A comisión avaliadora estará formada por:

- **Presidenta:** M^a Elvira López Mosquera. Área Producción Vexetal.
- **Secretaria:** Ana Cabana Iglesia. Área Historia Agraria e Forestal.
- **Vocal 1:** César Pérez Cruzado. Área Proxectos Enxeñaría.

Comisión suplente:

- **Presidenta:** Azucena Mora Gutiérrez. Área Microbioloxía.
- **Secretario:** Vicente Blanco Mosquera. Área Didáctica Expresión Plástica.
- **Vocal 1:** Marcelino Maneiro Maneiro. Área Química Inorgánica.

O funcionamento da Comisión de Avaliación axustarase ao previsto na Sección 3^a, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, relativo aos órganos colexiados.

Os membros da Comisión deberán absterse de intervir, notificándolle ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorra algunha das circunstancias antes citadas.

Artigo 09. Xustificación da axuda

Os beneficiarios deberán xustificar a actividade obxecto da axuda antes do **20 de novembro de 2022** achegando a documentación dos gastos relativos ao artigo 5 desta convocatoria, derivados da mesma. O incumprimento deste requisito provocará a anulación da axuda concedida.

Artigo 10. Recursos

Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o Reitor, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición final.

O que non estea previsto nesta resolución lle será aplicable o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo cal se regula o Campus de Especialización de Campus Terra

O incumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación ou anulación da solicitude presentada.

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

AXUDAS Á MOBILIDADE E INTERCAMBIO DE PERSOAL INVESTIGADOR

CAMPUS TERRA 2022

Anexo I: Formulario de Solicitud

Datos da colaboración	
DESCRIPCIÓN DO EVENTO	
RELACIÓN DETALLADA DOS GASTOS	



Xacobeo 21-22

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
20/10/2022 13:39:14.

CSV: 0263-7729-428E-BBE2